

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DE FACULTADE DO 23 DE XUÑO DE 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, MCarmen
Barriocanal López, Yolanda
Castro Pérez, Ladislao
Comendador Rey, Beatriz
Pérez Losada, Fermín
Prada Rodríguez, Julio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de

Desculpan a súa ausencia:

Espino Alvarado, Héctor
Fernández Contreras, M^aCarmen
Juana López, Jesús de
López Díaz, María (Ano sabático)
Lozano González, Carlos
Presedo Garazo, Antonio

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, réinense os membros da Xunta de Facultade, o venres 23 de xuño de 2017, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 20 de xuño de 2017

- Lectura e aprobación das actas anteriores (1 e 16 de xuño de 2017)
- Informe da Decana
- Aprobación, se procede, da solicitude de Adolfo Fernández para integrarse como membro da Xunta de Facultade
- Aprobación, se procede, da posibilidade de facer as probas de avaliación con carácter virtual para o alumnado semipresencial
- Aprobación, se procede, do Informe de avaliación do PAT do curso 2016/17 e o PAT para o curso 2017/18
- Aprobación, se procede, do Plan de promoción do centro para o curso 2017/18
- Actualización, se procede, do procedemento de Control de documentos
- Aprobación, se procede, dos horarios e das guías docentes para o curso 2017/18
- Aprobación, se procede, da proposta da actividade do centro para o curso 2017/18
- Aprobación, se procede, da posibilidade de depositar o TFG na secretaría de alumnado sen o documento do titor/a que xera a plataforma
- Aprobación, se procede, da coordinación do PAT do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación das actas anteriores (1 e 16 de xuño de 2017)

Apróbanse as actas das sesións anteriores por asentimento.

2. Informe da Decana

A decana comenta as seguintes cuestións:

- Escusan a súa ausencia: María López (sabático), Antonio Presedo (asuntos persoais), Carlos Lozano (motivos académicos), Héctor Espino, Jesús de Juana e M^aCarmen Fernández.
- Comenta que estamos á espera do Informe final de avaliación da renovación da acreditación do grao en Xeografía e Historia, xa que, no seu momento se enviaron as alegacións e solicitaron máis información á Área de Calidade.
- Con respecto á Certificación da Calidade, se enviaron as alegacións e os plans de mellora. A maioría delas foron feitas a nivel institucional pola Área de Calidade. Agardamos que remitan o informe definitivo e que manteñan o conforme do informe oral.
- Comenta que estamos no período de preinscrición, ata o día 3 de xullo. Están facendo bastantes consultas a través do facebook, incluso máis que o ano pasado. As campañas de difusión están funcionando, tanto o vídeo novo, as cuñas de radio como nas redes sociais. A difusión do PCEO estase facendo a través da prensa.
- Informa a decana que o 26 sairá publicado no DOG a adxudicación definitiva do concurso do PAS. O 27 a secretaria do decanato e do centro cesará no seu cargo. Neste punto hai algunhas discrepancias no equipo decanal. Cédelle a palabra á vicedecana Beatriz Comendador que agradece o traballo da secretaria. Pensa que as condicións na facultade son moi diferentes, xa que non só se vai Carmen, tamén, Óscar de asuntos económicos, Montse do departamento e M^aCarmen, xefa de administración, cre que se deberían convocar eleccións. A decana di que non cre que sexa o mellor momento para convocar eleccións, xa que están en proceso varios temas que cre que ten que rematar, polo que ela é partidaria de esgotar o mandato pero agradece o esforzo da vicedecana nestes anos. Beatriz pon o seu cargo á disposición da xunta de centro, xa que non está nas mesmas condicións laborais que a decana e quere dedicar máis tempo aos seus temas como contratada doutora, di que é unha decisión moi meditada. A decana reitera que non é o mellor momento para convocar eleccións xa que está moi implicada en bastantes temas como a captación de alumnado, o inicio do novo curso, a posta en marcha do PCEO. Fai un chamamento por se algún membro da facultade quere ocupar o posto de secretario/a, así se podería esgotar o mandato e se fixarían obxectivos mínimos. Como hai xente que non acudiu á xunta, enviará un correo para informar do que está a acontecer e se alguén asume as funcións de secretario/a. Fermín di que como solución intermedia se poderían convocar as eleccións en setembro. Susana di que daría igual convocalas agora ou en setembro, habería temas que non se poderían pechar e porque cre que non haberá candidatos para formar un equipo decanal. En decembro remata o mandato e cumpre os 3 anos nos que cre que se cumpriron os obxectivos que tiñan.

3. Aprobación, se procede, da solicitude de Adolfo Fernández para integrarse como membro da Xunta de Facultade

Adolfo é contratado Marie Curie pero ata este curso non tiña docencia na facultade. Solicita integrarse no cupo do profesorado contratado investigador, no que hai unha vacante, xa que dos dous membros que poderían formar parte, ata o de agora solo estaba Antonio Presedo.

Os membros da Xunta de Facultade aproban a inclusión de Adolfo na mesma.

4. Aprobación, se procede, da posibilidade de facer as probas de avaliación con carácter virtual para o alumnado semipresencial

Este tema xa se falou na Comisión de Calidade. Sería so para o alumnado da modalidade semipresencial que estea lonxe ou non puidera asistir claramente ás probas de avaliación. Fermín di que el xa fai as probas virtuais. Julio di que non o pode aceptar porque non ten as garantías de que se estea cumprindo o procedemento administrativo nunha titulación oficial, di que por exemplo na UNED envían un tribunal con garantías aos centros asociados. Beatriz Comendador di que no mestrado as probas de avaliación son online, que hai unha avaliación continua e que non cre que sexa o mesmo método que emprega a UNED. Julio di que non é o mesmo un exámen que unha proba de avaliación, se na guía docente pon que hai exame, tense que facer de forma presencial. A decana di que de tódolos xeitos sería unha cousa voluntaria, así como está sendo a posta en marcha da modalidade semipresencial, que sin a colaboración do PDI non sería posible. Elena di que habería que ter en conta que tanto o alumnado da modalidade presencial como o da semipresencial teñen as mesmas oportunidades.

Neste momento non se toma ningún acordo, ao longo do curso cada PDI, en función das súas materias, poderá optar a facer as probas virtuais ou non.

5. Aprobación, se procede, do Informe de avaliación do PAT do curso 2016/17 e o PAT para o curso 2017/18

Cada ano se analizan os resultados do PAT. Do total do alumnado, so houbo 21 asistencias, das que 5 ou 6 son de alumnado Erasmus ou SICUE.

Apróbase o Informe de avaliación do PAT.

Respecto do PAT, cremos que é excesivo para o grao, o alumnado non asiste ás reunións. Proponse que haxa un titor por curso, rotativo e que sexan profesores que imparta docencia nese curso. Na xornada de acollida se lle pasa ao alumnado a primeira enquisa, outra ao final do 1º cuatrimestre e outra a final de curso. Julio cre que sería o único modo de que funcionase. Pon problema no 2º cuatrimestre do 4º curso porque so hai materias optativas. Como el imparte docencia nese cuatrimestre e ademais é o coordinador do TFG, proponse como voluntario para titor de 4º de grao.

Apróbase o PAT do curso 2017/18 coas modificacións.

6. Aprobación, se procede, do Plan de promoción do centro para o curso 2017/18

A decana informa que a proposta é seguir a mesma dinámica, a empresa Xeitura na difusión nos IES e manter a empresa NASAS, na medida que se poida economicamente levando a difusión da modalidade semipresencial.

Apróbase o Plan de promoción do centro.

7. Actualización, se procede, do procedemento de Control de documentos

Este procedemento mide se temos todos os documentos ao día. Despois dos dous procesos nos que estivemos inmersos neste ano, todos os procesos están actualizados.

Mantense o dito procedemento.

8. Aprobación, se procede, dos horarios e das guías docentes para o curso 2017/18

A decana cédelle a palabra a Beatriz Comendador, que confeccionou os horarios. Beatriz comenta que ten pendiente a data dunha actividade da Área de Moderna e polo demais están os horarios axustados. Respecto das guías docentes, se está a facer a última revisión.

Apróbanse os horarios e as guías docentes condicionados a pequenas modificacións.

9. Aprobación, se procede, da proposta de actividade do centro para o curso 2017/18

A decana informa que dende o proxecto do Crosscult, hai unha actividade nas Termas de Chaves. Enviouse un correo por si podería ser factible unir esta actividade con outras doutras áreas para podela asignar como actividade do centro. A profesora Elena xa a ofertou como actividade na súa área e aproveitará para ver unha falla de transferencia. Fermín di que tamén se podería visitar o museo e uns xacementos cercanos.

A decana indica que como no PAT se incluiu unha xornada sobre orientación profesional, se podería facer no 2º cuatrimestre. Beatriz Comendador indica que a data do 9 de marzo lle parece a máis axeitada porque non hai ningunha actividade.

Apróbase a proposta de actividade do centro.

10. Aprobación, se procede, da posibilidade de depositar o TFG na secretaría de alumnado sen o documento do titor/a que xera a plataforma

A decana cédelle a palabra ao coordinador do TFG, o profesor Julio, que di que pode haber un problema se un alumno non sabe algunha nota antes de que finalice o prazo de entrega do TFG, que por normativa tense que realizar 10 días antes da súa defensa. Non sabe se o titor/a pode dar o conforme na plataforma sen que estean todas as notas, xa que ata o de agora nunca ocorreu. Di que temos un formulario no que se recolle que se presenta o TFG sen compromiso de defensa.

Apróbase o depósito do TFG sen o compromiso de defensa.

11. Aprobación, se procede, da coordinación do PAT do Mestrado de Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural


Como houbo un cambio na coordinación do mestrado, Fermín, como novo coordinador encargárase da coordinación do PAT e Beatriz Comendador pasará a ser coordinadora do PAT do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

12. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14.10 horas, e de todo dou fe como secretaria.

A decana



Susana Reboveda Morillo

A secretaria



MCarmen Arribas Álvarez